



Son castigados con prisión e multa:

- o autor de calquera tipo de maniobras abortivas
- os médicos, matronas, farmacéuticos, e culpables de ter indicado ou favorecido tales maniobras
- a muller que se somete a un aborto ela mesma ou quen o tivera consentido
- a provocación ó aborto e a propaganda anticonceptiva
- A prohibición de residencia pode ademais levarse a cabo contra os culpables, e tamén, para os de 2ª categoría, a privación definitiva ou temporal de exercer a súa profesión.

(...) Para pensar na miña situación, non empregaba ningún dos termos que aluden a ela, nin *"estou esperando un fillo"*, nin *"embarazada"*, e menos *"grossesse"* polo parecido con *"grotesque"*.

...

Non pagaba a pena nomear o que eu tiña decidido facer desaparecer. Na miña axenda eu escribía *"eso"*, *"esa cousa"*, só unha vez *"encinta"*.

Pasaba da incredulidade de que me estivera pasando iso a min, á certeza de que era algo que necesariamente tiña que me ocorrer.

Eso mesmo ocorrírame a primeira vez que me masturbara baixo ás sábanas, ós 14 anos, e desde aquela nunca puiden, a pesar das oracións á Virxe e a diferentes santas, (nunca puiden) deixar de repetir a experiencia, soñando recurrentemente que eu era unha puta. Era verdadeiramente milagroso que nunca antes me tivese encontrado nesta situación.

...

Establecía confusamente un vínculo entre a miña clase social da ms miñas orixes e o que me estaba pasando.

Fun a primeira en e facer estudos superiores pertencendo a unha familia de clase obreira e de pequenos comerciantes. Eu lograra escapar á fábrica e ó mostrador. Pero nin o Bacharelato nin a licenciatura en Letras logran desviar a fatalidade da transmisión dunha pobreza da que unha moza embarazada era o emblema, igual que o podía ser o feito de ser alcólico.

Estaba atrapada polo cú e o que medraba dentro de min, era en certo sentido, o fracaso social. (...)




COMPOSICIÓN

“O acontecemento” é un libro da escritora francesa Annie Ernaux, premio Nobel de Literatura 2022. Como outros da mesma autora segue unha liña intimista, persoal, autobiográfica. É un libríño tan breve como intenso, onde a Annie Ernaux está ben presente, tanto no fondo como na temática e no estilo, tan seu, tan único.

Trátase dun feito marcante na vida da autora, na época dos anos seguintes trala 2ª Guerra Mundial, no París dunha estudante de Letras chegada do rural da Normandía grisallenta, clasista e opresora de principios dos anos 50 do pasado século.

As circunstancias lévana a verse na necesidade imperiosa de someterse a un aborto clandestino, despois de moitas dúbidas e moito sufrimento, lonxe da casa e no máis absoluto secreto, nunhas condicións límite en máis dun sentido.



INDICACIÓNS

Unha lectura apaixonante, moi intensa, para achegarse a un tempo moi cheo de tabús, cando a muller asumía, ela soa, moitas responsabilidades acompañadas dun forte sentimento de culpabilidade.

As formas pode que cambiaran moito. O fondo pode que non tanto.

PRECAUCIÓNS

Cómpre prepararse a sufrir e acompañar á rapaza universitaria na súa decisión e nas súas dúbidas.



POSOLOXÍA

Pode consumirse a gusto do lector ou lectora, en tres ou catro noites antes de durmir.



OUTRAS PRESENTACIÓNS

Outras obras que paga a pena ler da mesma autora son:

- *La Femme Gelée*
- *La Place*
- *Les Années*
- *L'Occupation*

